



INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

OPTATIVA: INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A SOCIEDADE

CURSO NO QUE SE IMPARTE: 4º E.S.O.

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

- *BLOQUE 1.-* Que é a intelixencia artificial. Campos de aplicación na sociedade.
- *BLOQUE 2.-* Impacto da intelixencia artificial: abordaranse cuestións como a ética, a sustentabilidade e os aspectos legais a partir da análise e a comprensión de aplicacións reais. Riscos e oportunidades.
- *BLOQUE 3.-* Fundamentos da intelixencia artificial: percepción (sensores e obtención dos datos), actuación (movemento, visualización e comunicación), representación de datos (simbólica e numérica), razoamento (algoritmos e resolución de problemas), e aprendizaxe automática (recollida, representación e análise de datos empregando ferramentas e software para visualizalos e analizar os resultados).
- *BLOQUE 4.-* Aplicacións de intelixencia artificial: robots autónomos, mundos virtuais, IA predictiva, IA creativa (arte, música e cultura).

➤ **Metodoloxía das clases:**

- Empregarase unha metodoloxía eminentemente práctica nas aulas TIC, buscando información de casos reais para desenvolver os contidos dos bloques 1 e 2, e realizando actividades e/ou proxectos en relación aos bloques 3 e 4 para crear, compartir e valorar un produto final de interese para a sociedade.

➤ **Relación desta optativa cos estudos posteriores:**

Optativa interesante para tódolos estudantes, especialmente para os de ciencias, tanto para os que vaian cursar estudos universitarios como para os que elixan módulos de Formación Profesional.